

Actividades da Asociación en 2001

Á hora de resumir as actividades da Asociación no ano 2001, hai que ter en conta que, en realidade, se recolle aquí o realizado entre decembro de 2000 e novembro de 2001, ambos inclusive, é dicir, o periodo que media entre a entrega ó prelo de cada número anual de *CROA*.

Precisamente para enlazar co dito no boletín anterior, hai que referirse á publicación do número 10 da nosa revista, número significativo porque fai a decena pero tamén porque veu confirmar a ampla difusión que *CROA* acadou xa en moitos ámbitos relacionados coa Arqueoloxía, e a Museoloxía e, en xeral, co Patrimonio histórico e cultural. Ademais, o seu novo e máis actual deseño, estreado no número 9, fai o boletín máis atractivo e interesante para todo tipo de público. Tamén entre os anos 2000 e 2001 hai que salientar a difusión e espallamento do Conto didáctico *Un día no Castro de Viladonga*, publicado en colaboración coas Brigadas do Patrimonio Chairego e coa axuda de La Voz de Galicia, que é distribuído gratuitamente entre os escolares que visitan Viladonga de xeito organizado, amais de venderse no Museo, e soamente aquí, a un prezo simbólico (vinte pesos, 0'60 euros).

Conforme ó establecido nos Estatutos da Asociación, no mes de marzo (o día 24) celebrouse unha Asemblea Extraordinaria para proceder á renovación da Xunta Directiva. Téndose presentada só unha candidatura, esta foi elixida por aclamación, quedando aquel órgano directivo como segue: Presidente, Julio Reboredo Pazos (que xa fora secreta-

rio nunha etapa anterior); Vicepresidente, Enrique Montenegro Rúa (anterior secretario); Tesoureiro, Gonzalo Vázquez Rivas (repite); Secretaria, M^a Luz Paramio Gutiérrez; e Vocais, Gloria Abelleira Vega, Xoan R. Cuba Rodríguez e Felipe Arias Vilas (vocal nato como Director do Museo). Ó lado da continuidade e estabilidade funcional que se pretende, tamén se espera un anovado pulo na realización de actividades, sempre coa activa participación de todos os asociados.

Igualmente no mes de marzo, a Asociación colaborou moi activamente co Museo na organización, desenvolvemento e patrocinio das "V Jornadas da Asociación profesional de Museólogos de España (APME)", que elixiron como tema principal o relativo ós "usuarios dos museos". Nestas xornadas, que tiveron lugar en Lugo pero con sesións de traballo no Castro de Viladonga

(Fig.1) e no Museo de Belas Artes da Coruña, participaron profesionais de toda a Península Ibérica e serviron á súa vez de instrumento de coñecemento e difusión do labor que aquí se fai, difusión que se potenciará cando se publiquen as actas na revista da APME, *Museo*.

Como de costume, a efeméride do 18 de maio - Día internacional dos Museos - foi conmemorada con diversas actividades nas que tamén foi importante o apoio da Asociación, como nas dúas sesións de proxeccións comentadas de diapositivas, centrada unha no medio físico e natural de Viladonga nas distintas etapas do ano, e outra nas labours e traballos desenvolvidos no xacemento e no Museo ó longo destes últimos vinte anos.

A enorme afluencia de público visitante (que superou marcas anteriores dos meses de verán) fixo que se esgotase unha boa parte dos pro-




Fig. 1

ductos que a Asociación ten á venda na entrada do Museo. Polo tanto, houbo que encargar novas reproducións de olas (nos dous tamaños habituais), así como de “pins” do puñal e chaveiros co motivo do pasarrendas, todos eles obxectos relacionados, directa e fielmente, cos achados no Castro de Viladonga e que se expoñen no seu Museo. Con todo, os problemas de produción e/ou distribución dalgunhas destas pezas quizais recomende futuros cambios de orientación nesta actividade.

Entre os días 20 e 22 de xullo celebráronse en Castro de Rei as “Xornadas de Identidade Chairega” (ou II Festa Valura, logo da primeira que tivera lugar no verán de 1979), e nalgunha das actividades realizadas tamén participou a nosa Asociación, representada polo director do Museo, co propósito de estreitar vínculos de colaboración con outras entidades similares da Terra Chá, como os xa establecidos cos Amigos da Feira de Castro de Rei ou coas Brigadas do Patrimonio Chairego, e os que pretendemos se produzan así mesmo co Instituto de Estudos Chairegos, fundado hai pouco tempo en Vilalba.

As viaxes culturais seguen a ser unha asignatura pendente de actualización. Conforme se sinalaba neste mesmo apartado do anterior número de CROA, e segundo se apunta no Editorial incluído neste propio Boletín 11, non é doado saber todas as razóns que existen para que sigan a ser algo fallido nos últimos tempos da Asociación. Hai que recordar que, por unha ou outra causa, houbo que

desistir de organizar viaxes a Aragón (Zaragoza e *Bilbilis-Calatayud*) ou á Coruña (cidade vella), e cando esto se escribe acaba de realizarse unha excursión cultural a Ávila e La Granja (Segovia) para ver senllas exposicións de grande interese (“Celtas y Vettones” e “Vidrio romano en Hispania”). O tempo dirá se este tipo de actividade ha ser suprimida, sen

recoñecida como una das máis completas, atractivas e actualizadas, de entre as innumerables que por aí circulan de tema arqueolóxico e museístico. Abonde con botar unha ollada á gráfica estatística (Fig. 2) que reflicte as entradas e visitas (“sesións de usuario”) recibidas polo noso sitio en Internet nos dous últimos anos. O seu contido serve, a maiores, como eficaz




Fig. 2

máis, ou ben recoberta (e nese caso ¿como e en que sentido?).

Por último, pero desde logo non menos importante, hai que chamar a atención de novo sobre o gran labor que a Asociación segue facendo desde a rede de Internet, por medio do sitio web que mantén o seu esforzado *webmaster*, o vicepresidente Enrique Montenegro, desde o seu novo destino profesional en Madrid. Por diversos medios e en moi distintos foros, a páxina web de Viladonga está sendo

instrumento á hora de presentar e explicar os traballos que se veñen desenvolvendo no Castro de Viladonga desde hai xa máis de trinta anos, tal como se puido ver nas “Jornadas sobre Grandes Proyectos Arqueolóxicos” da Fundación Barrié de la Maza (A Coruña, outubro 2001) ou no “Foro Ibérico de Museísmo Pedagógico” (Santiago, novembro 2001). Unha mostra máis da colaboración entre a Asociación e o Museo, considerada por moitos como un exemplo digno de emulación.